



APPs para desenvolver a lectoescritura

A continuación vos achegamos unha serie de aplicacións que podedes empregar coas nenas e nenos dende a casa. Son gratuitas.

1. LEO CON GRIN



Unha app para aprender e desenvolver o inicio da lectura. Cartilla interactiva para traballar a lectoescritura en 30 leccións para diferentes letras, comezando polas vogais e seguindo co resto das letras do abecedario.

2. EL TREN DEL ALFABETO DE LOLA



Unha app con diferentes minixogos nos que as nenas e nenos poderán recoñecer letras en maiúscula e minúscula; ordenar palabras; realizar *memory* no que atopar as parellas de letras; recoñecer a palabra correcta entre as distintas opción presentadas.

3. APRENDER A LEER CON NOK



Unha app para nenas e nenos que están aprendendo a ler. Cada actividade consta de tres niveis de dificultade progresiva nos que poderán: contar sílabas das palabras presentadas en forma ilustrada e escrita; discriminar a cantidade de sílabas de cada palabra para seleccionar a correcta; completar palabras ás que lle falta una sílaba; ordenar as sílabas para formar a palabra correcta representada con ilustracións.